

# sinerxias

Xoves 09/05/2024

10.00h  
Inauguración Ciclo de conferencias  
**Sinerxias\_ O múltiple que ocupa o espazo**  
Casa das Campás, Vicerreitoría Campus de Pontevedra

Acto de inauguración  
Ana Soler Baena / Anne Heyvaert. Grupo de Investigación dx5.  
Eva Mª Lantaron Caeiro. Vicerreitora Campus de Pontevedra. Campus Crea.  
Xosé Manuel Buxán. Decano da Facultade de BBAA.  
Demetrio Gómez Xunqueira. Concelleiro de Cultura. Concello de Pontevedra.

MESA 1  
FILOSOFÍA DO MÚLTIPLE NO S. XXI  
CONTEXTOS E SINERXIAS GRÁFICAS  
Modera /// Ana Soler Baena

10.30h  
*La matriz dixital como gráphein intangible.*  
José Ramón Alcalá. Univ. Castilla-La Mancha.  
11.15h  
Pausa café  
11.45h  
*Seregenesia. Tectónica de la imagen múltiple.*  
Juan Martínez Moro. Universidad de Cantabria.  
12.30h  
Debate

13.00h  
Inauguración exposición  
**Xerxinal\_ O múltiple que ocupa o espazo**  
Facultade de Belas Artes

Acto de inauguración  
Xosé Manuel Buxán  
Ignacio Pérez-Jofre

Cristina Chiaroni  
Iago Fontoira  
Julio Catalán  
Manuel Balsas  
Raquel Álvarez  
Rebeca Lar

14.00h Xantar  
Casa das Campás

MESA 2  
PRODUCCIÓN E CONSUMO.  
A SERIE EXPANDIDA CARA Á EXPERIENCIA.  
Modera /// Anne Heyvaert

16.30h.  
*La matriz blanda del espacio-tiempo: Huellas inestables, itinerarios mudables y rastros provisorios.*  
José Gómez Isla. Universidad Complutense de Madrid.  
17.15h  
Pausa café  
17.45h  
*Producción - reproducción. La originalidad de lo múltiple.*  
Juan Lara. Ogami Press, Madrid.  
18.30h  
Debate

20.30h  
Inauguración exposición  
**Resonancias\_ O múltiple que ocupa o espazo**  
Fundación Rac

Acto de inauguración  
Carlos Rosón

Antoni Mountadas  
Benjamin Torres  
Ignasi Aballí  
Isidro Blasco  
John Baldesari  
Jonathan Hernández  
Stephen Dean

Venres 10/05/2024

MESA 3  
DERIVAS TECNOLÓXICAS  
NOVOS MODOS DE ENTENDER A COMPLEXIDADE  
Modera /// Almudena Fernández-Fariña

10.30h  
*Explorando territorios múltiples: derivas tecnológicas y cartografías complejas.*  
Esther Pizarro. Universidad Europea de Madrid.  
11.15h  
Pausa café  
11.45h  
*Los datos como materia prima de la imagen.*  
Rubén Tortosa. Universidad Politécnica de Valencia.  
12.30h  
Debate

13.00h  
Acto de clausura  
Ana Soler Baena / Anne Heyvaert. Grupo de Investigación dx5.

14.00h  
Xantar

16.30h  
Visita ao espazo público  
**Interferencias\_ O múltiple que ocupa o espazo**  
Intervencións públicas  
Punto de partida: Casa das Campás

Acto de inauguración  
Lucía Romani

Amparito  
Ana Soler Baena  
Colectivo dx5  
Lucía Romani  
Sabrina Fernández Casas  
Sara Piñeiro  
Susana Blasco

# interferencias

# simbiose

Mércores 08/05/2024

19.30h  
Inauguración Exposición  
**Simbiosis\_ O múltiple que ocupa o espazo**  
Fazo da Cultura

Acto de inauguración  
Ana Soler Baena / Anne Heyvaert. Grupo de Investigación dx5.  
Demetrio Gómez Xunqueira. Concelleiro de Cultura. Concello de Pontevedra.

O ESPAZO DA PEGADA  
DO ÚNICO AO DUAL  
Altea Grau  
Antía Iglesias  
Javier Pividal  
Patricia Gómez e Mª Jesús González  
Rita de Sousa Gaspar

EXPANDINDO O ESPAZO DA GRÁFICA  
DO DUAL AO MÚLTIPLE  
Angel Massip  
Anne Heyvaert  
Elena Jiménez  
Juan Moro

A CONQUISTA DO ESPAZO  
DO MÚLTIPLE AO COMPLEXO  
Almudena Fernández Fariña  
Carlos Fer  
José Andrés  
Maidier López  
Pablo Barreiro  
Vanessa Gallardo  
Victor Solanas

CONEXIÓNS MUTANTES  
OUTROS TECIDOS MULTIDIMENSIONAIS  
Ana Soler Baena  
Esther Pizarro  
Inma Femenia  
Mario Santamarina  
Rubén Tortosa  
Sara Coleman  
Soliman

# resonancias

Na contemporaneidade as fronteiras conceptuais e prácticas da arte borráronse froito do triunfo das teorías do **pensamento complexo** e a **incorporación de novos procesos tecnolóxicos** que fixeron que os artistas procesen en territorios de interferencia.

As formulacións, formais, técnicas e conceptuais, antes unitarias da gráfica, teñense reformulado a favor dunha mirada producible desde o propio proceso de multiplicación e multiplexación. A gráfica, tal e como a comprendemos hoxe, é **moito máis híbrida e complexa ao instalarse no espazo**. Este desprazamento da estampa provocou novas preguntas e inducido algunhas respostas en relación coa idea de matriz que xera múltiples. A mirada múltiple no s.XXI devólvesenos polidétrica, nun bucle inavosor mutante que coloniza as fronteiras das propias definicións.

O obxectivo deste proxecto é reflexionar sobre como a clásica bidimensionalidade da gráfica transitou cara á procura dunha experiencia artística máis profunda e inmersiva, diferente a como a coñecemos ata o de agora. Descubriremos como evolucionou a **arte múltiple desde a estampa tradicional en papel e de carácter bidimensional, cara ao obxecto escultórico e por extensión á súa instalación no espazo**. Se parte dese lugar habitado e impreso para sumar á terceira dimensión, outro tipo de elementos que serán definitorios para comprender a nova realidade múltiple; o factor tempo en relación co factor de **percepción da experiencia** da obra.

Así mesmo vemos como os artistas gráficos **ocuparon distintos espazos públicos e privados** desde perspectivas prácticas e conceptuais, e utilizado o clásico **potencial de repetición e transformación que posúe o múltiple**, como medio de expresión contemporáneo para crear realidades complexas e experimentais. Doutra banda, o propio medio que ofrece este novo consumo do múltiple, a nivel visual e formal, convida a unha reflexión sobre a maneira en que se tece o pensamento do s. XXI.

A experiencia de habitar unha obra instalativa múltiple é diversa, multisensorial e do todo distinta á contemplación monofocal dunha obra tradicional. Isto provoca que a creación e a praxe da arte gráfico convértanse, á vez, en **fundamento e contexto**. Na era da reproducibilidade, esta condición xenerativa complexa que ofrece o pensamento sistémico de Guattari, Deleuze, Morin ou Benjamín, posibilitou unha nova realidade interdisciplinar que, unida ás políticas espaciais e inmersivas de El Lissitzky e Hebert Bayer co seu diagrama dos 360º da visión, confluíron no que demos en chamar **Gráfica de Campo Expandido**.

VIII Foro Internacional de creación na fronteira  
08-09-10/05/2024  
\_Pontevedra

O  
MÚLTIPLE  
QUE  
OCUPA  
O ESPAZO

# simbiose

Na proposta expositiva **Simbiose**, mergulhámonos no universo da gráfica de campo expandido onde, os artistas seleccionados ocupan con distintos tipos de obras o espazo da sala, traballando desde a multiplexación, desde a repetición, a transformación e a idea de matriz geradora de orixinais múltiples. Aquí, a repetición non só implica a reprodución, senón tamén a produción e a transformación continua que coloniza o espazo da instalación. En **Simbiose** esta complexidade do múltiple que habita o espazo instalativo, móstranos visualmente, entre outras apreciacións, o concepto de serie como algo vivo, mutante, global, onde a idea de edición e o número entrelázanse coa vida para crear unha rede de posibilidades infinitas. Unha formulación expositiva que pretende ilustrar o modelo de complexidade sistémica da sociedade actual, o cal pode relacionarse coa arte desde os modelos temporais que expón a física cuántica, desde as dinámicas fractais naturais autovenerativas ou desde a influencia das novas tecnoloxías na sociedade da información e a comunicación en rede contemporánea.

Dentro deste espazo do posible, en **Simbiose** tamén se explora a noción de pegada tanto na súa forma física ou dixital como conceptual. Observámos como a matriz física deixa unha marca taxilable, mentres que a matriz dixital desprégase nun reino intaxilable pero igualmente influente. Os contrarios, como o positivo e o negativo, coexisten e complementárense, xerando unha transmisión de semellanzas inversas que amplían as fronteiras do cobrible como orixinal múltiple. Neste contexto, xordan conceptos como o dobre investido, o dobre desdoblado e a imaxe espeular, mutacións de manifestacións da multiplicación e que nos convidan, a través de determinádeas obras, á reflexión.

Doutra banda o espazo do invisible no múltiple revela a gran potencialidade latente que posúe a idea de estampa orixinal. A fragmentación descompon o todo en partes, desafiando a nosa percepción da unidade. En **Simbiose** a frecuencia convértese na mensaxe, coa diseminación e o consumo moldando a nosa comprensión do mundo que nos rodea. Neste proceso, a memoria actúa como un vínculo entre a presenza e a ausencia, facendo conexións entre o taxilable e o efémero.

No espazo intermedio do proceso, o contacto e a distancia xogan un papel crucial na dinámica da creación. Os procesos intermedios poñen o foco na impermanencia, na interdependencia dos estados e procesos da gráfica, onde o procedemento indirecto emerge como identidade protagonista, revelando a imaxe latente que xace no profundo da superficie. Os soportes, tanto brandos como mutantes, exploran o equilibrio entre o baleiro e o cheo, desafiando as nosas percepcións convencionais da forma e a materia.

## Exposición Simbiose. O múltiple que ocupa o espazo 08/05/2024 – 30/06/2024

Inauguración Exposición

### Mércores 8 de maio 2024

Pazo da Cultura, Pontevedra.

19.30h

#### Presentación do acto de inauguración

Ana Soler Baena  
Anne Heyvaert  
Xosé Manuel Buxán  
Demetrio Gómez Xunqueira

Almudena Fernández Fatina  
Antixetau  
Ana Soler Baena  
Ángel Massip  
Anne Heyvaert  
Antía Iglesias  
Carlos Fer  
Elena Jiménez  
Esther Pizarro  
Inma Fermenla  
Javier Pividal  
José Andrés  
Juan Moro  
Maider López  
Mario Santamarina  
Pablo Barrero  
Patricia Gómez y Mª Jesús González  
Rita de Sousa Gaspar  
Rubén Tortosa  
Sara Coleman  
Solman  
Vanessa Gallardo  
Victor Solanas

# sinerxias

En un mundo cada vez máis interconectado e multidisciplinar, la noción de sinergia se convierte en un elemento fundamental para comprender la complejidad que nos rodea. Desde la convergencia de disciplinas hasta la interacción de ideas, entendemos que el concepto de múltiple se revela como una fuerza motriz que configura nuestra realidad contemporánea.

En este contexto, la filosofía del múltiple en el siglo XXI emerge como un campo de estudio esencial para explorar las interrelaciones entre el espacio, la tecnología, la creatividad y la experiencia humana. El ciclo de conferencias **Sinerxias**, invita a sumergirse en este fascinante universo de conexiones y significados compartidos.

A través de una serie de ponencias magistrales, destacados expertos nos guiarán en un viaje intelectual para analizar las distintas facetas del múltiple en nuestra era digital y material. Cada ponente aportará su visión única, enriquecida por su experiencia y conocimientos en diversos campos relacionados con la filosofía del múltiple y el diálogo con la práctica del arte desde distintas perspectivas.

Viajaremos a través de la dimensión más intangible de la matriz digital, explorando cómo esta influye en la creación y difusión de significados en nuestra sociedad hiperconectada; nos sumergiremos en la tectónica de la imagen múltiple, revelando las complejas interacciones que subyacen en la génesis y evolución de las obras múltiples en la era contemporánea; nos invitaremos a reflexionar sobre el concepto de serie expandida y su relación con la experiencia humana, destacando cómo la producción y el consumo se entrelazan para dar forma a nuestra percepción del mundo; nos ofrecerán una perspectiva única sobre la originalidad en la producción y reproducción de obras múltiples en esta cultura de la copia, explorando cómo la creatividad se manifiesta a través de la multiplicación de formas y expresiones; nos llevarán en un viaje de exploración por distintos tipos de territorios múltiples, donde las derivas tecnológicas y las cartografías complejas nos invitan a repensar nuestra relación con el espacio de la instalación y el uso de las ya no nuevas tecnologías; nos sumergirán en el fascinante mundo de los datos expandidos y su relación con la experiencia humana, destacando cómo la información se convierte en una herramienta fundamental para la creación y comprensión de significados en la era digital.

Este ciclo de conferencias ofrece una oportunidad única para entender a nivel teórico el sentido de lo que hemos dado en llamar "el múltiple que ocupa el espacio" desde la diversidad de miradas de distintos investigadores y expertos en la materia. Nos invita a la reflexión y el diálogo sobre los desafíos y oportunidades que emergen desde esa intersección de la tecnología, el original múltiple y la experiencia de habitar el espacio de la instalación.

## Ciclo de conferencias Sinerxias. O múltiple que ocupa o espazo 09/05/2024 – 10/05/2024

Inauguración Exposición

### Xoves 9 de maio 2024

Casa das Campás, Viqueira

10.00h

#### Presentación do acto de inauguración

Ana Soler Baena  
Anne Heyvaert  
Eva Mª Lantaron Caero  
Demetrio Gómez Xunqueira

José Ramón Alcalá  
José Gómez Isla  
Juan Lara  
Juan Martínez Moro  
Esther Pizarro  
Ruben Tortosa

# xerminal

Dentro das diferentes actuacións enmarcadas no proxecto "O Múltiple que ocupa o espazo", a proposta expositiva de **Xerminal** é a que máis nos achega á actividade creativa, docente e investigativa da facultade de Belas Artes de Pontevedra. Non só porque o espazo expositivo é a sala Universitaria Profesor Manuel Moldes, que recibe a todos aqueles que franquean as portas da facultade, senón porque a selección de artistas restrinxíase a egresados que finalizasen os seus estudos artísticos nos últimos dez anos. As seis pezas que aquí se exhiben foron seleccionadas de entre case unha trintena de proxectos —moitos deles propostas site specific desenhadas ad hoc para este espazo— nun concurso público de concorrencia competitiva.

En certo xeito, **Xerminal** plantexa un dobre desafío. Por unha banda, é unha declaración sobre a futuro da arte digital e campo expandido, máis diverso e transfronteirizo, visto a través dunha xeración de creadores mozos; os máis novos de entre o amplo elenco de artistas, nacionais e internacionais, que participan neste proxecto. Por outra banda, e redobrar a aposta do grupo dx5 por trasladar os resultados da investigación académica á docencia e desta á creación artística, definindo un proceso de ida e retorno en constante retroalimentación. Se "O Múltiple que ocupa o espazo" pode entenderse como un peche —aberto, nunca acabado— a 20 anos de actividade investigadora nos límites da gráfica contemporánea do noso grupo de investigación, **Xerminal** é un broche para o proxecto "The Print Factory", que durante case quince anos tratou de redefinir o binomio investigación-docencia e como este se transfirise á sociedade.

**Xerminal** acolle a obra de Cristina Chiarroni, Iago Fontoira, Julio Catalán, Manuel Balsas, Raquel Álvarez e Rebeca Lar. Do íntimo ao político, estes artistas novos reflexionan sobre os actuais límites e derivas do orixinal múltiple no marco máis amplo da arte gráfica de campo expandido.

## Exposición Xerminal. O múltiple que ocupa o espazo 09/05/2024 – 30/06/2024

Inauguración Exposición

### Xoves 9 de maio 2024

Sala Universitaria Profesor Manuel Moldes,

Facultade de Belas Artes, Pontevedra.

13.00h

#### Presentación do acto de inauguración

Xosé Manuel Buxán

Ignacio Pérez Jofre

Cristina Chiarroni  
Iago Fontoira  
Julio Catalán  
Manuel Balsas  
Raquel Álvarez  
Rebeca Lar

CRÉDITOS  
VIII FORO INTERNACIONAL DE CREACIÓN NA FRONTEIRA  
O múltiple que ocupa o espazo  
\_Sinerxias  
\_Simbiose  
\_Resonancias  
\_Xerminal

Organización  
Grupo de investigación  
dx5 Digital & Graphic Art Research

Dirección xeral e coordinación  
Ana Soler Baena

Dirección abstrata  
Anne Heyvaert

Coordinación técnica  
VACIDOCERO

Coordinación do Espazo Público  
VACIDOCERO

Equipo curatorial  
Ana Soler Baena  
Anne Heyvaert  
Antía Iglesias  
Basilisa Fiestras  
Lucía Romani  
María Gar  
Vanessa Gallardo

Financiamento  
dx5 Digital & Graphic Art Research

Xunta de Galicia

\_Axudas para Grupos de Referencia Competitivos (GRG)

Concello de Pontevedra

\_Concellería de Cultura

Universidade de Vigo

\_Vocacións de investigación. Axudas á investigación

\_Axudas para a creación, comisariado e montaxe

de exposicións artísticas

\_Investigacións

Vocacións de Campus de Pontevedra

\_Departamento de Belas Artes da Universidade de Vigo

\_Decanato da Facultade BBAA

\_Departamento de Belas Artes

\_Departamento de Pintura

Colaboracións

Concello de Conlla

Concello de Ferrol

Centro Torrente Ballester

Xestión

VACIDOCERO

grupo dx5

Axuliar de xestión

Carlos Fer

# resonancias

Na sede da Fundación RAC, baixo o título de **Resonancias**, exponse unha selección dos fondos da colección representada por sete artistas de recoñecido prestixio no panorama nacional e internacional. Nomes como Stephen Dean, Isidro Blasco, Ignasi Aballí, Antoni Muntadas, Benjamin Torres, Jonathan Hernández ou John Baldessari, fálannos nesta mostra colectiva, de distintas apreciacións e percepcións do sentido do múltiple que ocupa o espazo na contemporaneidade. É significativo comprobar como as obras destes artistas, provenientes dunha colección privada de arte contemporánea, cumpren cos fundamentos deste Foro despois de que están xeradas e formuladas desde pautas de multiplexación formal, conceptual ou procesual. Este dato fálannos da actualidade da selección realizada desde a colección e da pertinencia do tema protagonista do Foro.

Os proxectos presentados teñen en común buscar dar forma a unha percepción sensorial máis completa e complexa da nosa realidade máis cotiá. A través da fragmentación, a desmultiplicación e a repetición, as obras despregáense en forma de series, e adquieren formas tridimensionais e instalativas, nas que o factor tempo cobra gran relevancia. Poderíamos dicir, que nesta mostra o tempo desdoblado multiplicácese no espazo, eoa desde o múltiple para ofrecer unha experiencia total máis complexa das obras e instalacións creadas a partir de potenciais matrices xeradoras.

O título desta mostra **Resonancias**, remite a esas ideas de propagación e expansión das obras, así como ao labor de difusión e divulgación da Fundación RAC. Con esta colaboración entre a Universidade de Vigo, a través do grupo de investigación dx5 da Facultade de Belas Artes, e a Fundación establécese, unha vez máis, un frutífero diálogo entre institucións que cumpre cuns dous obxectivos primordiais da RAC: facilitar o intercambio entre o ámbito artístico e a comunidade e fomentar a reflexión sobre a arte actual.

## Exposición Resonancias. O múltiple que ocupa o espazo 09/05/2024 – 30/06/2024

Inauguración Exposición

### Xoves 9 de maio 2024

Fundación Rac, Pontevedra.

20.30h

#### Presentación do acto de inauguración

Carlos Rosón

Stephen Dean  
Isidro Blasco  
Ignasi Aballí  
Antoni Muntadas

Benjamin Torres

Jonathan Hernández

John Baldessari

# interferecias

O espazo público plantéxase como lugar de acción e intervención das propostas que integran **Interferecias** e que se introducen na cidade utilizando estratexias de diversa índole, mantendo en común o concepto do multiplicidade. Dende a repetición ata a fragmentación, pasando pola superposición de elementos e o entrelazamento de linguaxes de corte estético, simbólico, identitario, narrativo ou relacional, atopamos un conxunto de pezas que interfieren no espazo físico e dixital alterando tanto o medio como o contexto.

Sen embargo, hai que ter en conta que nos estamos a mergular nun territorio extremadamente aberto, dinámico e contradictorio como pode ser a cidade, no que compiten diversos poderes e enerxías, e no que resulta extremadamente complexo operar. Trátase este dun espazo —non museístico— no cal á lóxica publicitaria imperante inxiríase cada vez máis na práctica artística contemporánea absorbéndoa.

Polo tanto, resulta común atopar modelos de actuación que controlan os medios para captar a atención da cidadanía. Dende este punto de vista, establécese en **Interferecias** un xogo de reclamos, intromisións e perturbacións que opera por saturación e invisibilización da súa técnica, abrindo a porta á reflexión arredor da sobrestimulación constante á que nos vemos expostos como sociedade. Algúns proxectos irrompen nas redes sociais do Concello de Pontevedra cortocircuitando inintermitentemente o fluxo comunicacional deste, mentres noutros casos o xornal local funciona como soporte difusor de mensaxes aparentemente inconexas. Mais se ampliamos a escala física do papel á dos paneis publicitarios atopamos un imaxinario despregado, mutante, de gran impacto visual. Finalmente, aquelas máis discretas e deslocalizadas serán descubertas polo transeúnte curioso que percorre e contempla a cidade.

**Interferecias** traslada ó espazo urbano algunhas das cuestións tratadas a nivel conceptual nas diversas obras que poden visitarse nas diferentes sedes do proxecto "O múltiple que ocupa o espazo", coa diferenza de que o nivel de recepción, interpelación ou aceptación por parte dun público —non necesariamente especializado— plantéxase como unha interrogación.

## Espazo público Interferecias. O múltiple que ocupa o espazo 09/05/2024 – 30/06/2024

Inauguración Exposición

### Venres 10 de maio 2024

Localizacións varias, Pontevedra.

16.30h

#### Presentación do acto de inauguración

Lucía Romani

Amparito  
Ana Soler Baena  
Colectivo dx5  
Lucía Romani  
Sabina Fernández Casas  
Sara Pifreiro  
Susana Blasco